

Estimadas familias,

Recollemos a proposta de actividades para esta semana, do **14 ao 17 de abril**.

No Blog de infantil recollimos onte un par de contos e unha cantiga. As propostas que recollemos para esta semana partes de eles.

<https://blogpequechos.blogspot.com/>

- Visionado dos dous contos ( mellor en días diferentes)
- Facer un debuxo, coa técnica que cada un queira, sobre o conto que escolla; ou sobre os dous contos.
- Cambiar o título a un dos contos ou aos dous. Que título lle podemos poñer? Como cres que se pode titular este conto? Gustaríache cambiar o título a este conto?
- Despois de ler o conto ***Siembra un beso*** , animalos a sementar un garavanzo, lentella ou faba.

<http://www.juguetessomosnosotros.com/ecologia/ver-germinar-un-garbanzo/>

<https://mamapuedohacerlo.com/como-germinar-un-frijol/>

Poden observar nos días posteriores como va crescendo, que é o que crece primeiro, as raíces, o talo, as follas... Poden facer un rexistro desta observación, con debuxos, palabras ou frases, aquí poden axudar os irmáns maiores, pais e nais.

- Facer unha lista de a quen lle queren dar un bico, poden precisar axuda.
- Cantar e bailar a cantiga que recollemos no blog ***Bicos de música***.